

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 26 de abril de 2016 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación do sistema integrado de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda ás demandas sociais, con eficacia e transparencia, a través das diferentes modalidades formativas.

Esta lei, no punto 5 do seu artigo 11, establece que a dirección dos centros integrados de formación profesional de titularidade das administracións educativas será nomeada mediante o procedemento de libre designación, pola Administración competente, entre funcionarios públicos docentes, consonte os principios de mérito, capacidade e publicidade, unha vez consultados os órganos colexiados do centro.

O Decreto 266/2007, do 28 decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 13.1 que a dirección dos centros integrados de titularidade pública será provista polo procedemento de libre designación. No caso dos centros integrados de titularidade da Administración educativa, o nomeamento efectuarase entre funcionarios e funcionarias docentes, consonte os principios de mérito, capacidade e publicidade, logo do informe dos órganos colexiados do centro.

O Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece no seu artigo 8 que a dirección dos centros integrados de formación profesional de titularidade pública será provista polo procedemento de libre designación entre o persoal funcionario docente. No procedemento para o nomeamento da dirección rexerán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. En todo caso, o procedemento resolverase logo do informe non vinculante dos órganos colexiados.

Pola súa banda, a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula a organización e o funcionamento do Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia, no seu artigo 1, define o Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia como o órgano de participación que impulsa a colaboración entre a sociedade galega e estes centros mediante a determinación das necesidades do seu

CVE-DOG: cds1lwy3-jme7-ktj2-ygo5-gsx766da9s48



contorno, coa finalidade de contribuír eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público da formación profesional e á obtención dos recursos precisos para procurar a súa suficiencia económica e financeira.

A mesma norma define no seu artigo 2 as funcións do órgano e inclúe na súa letra e) a de emitir informe das candidaturas con carácter previo ao nomeamento do director ou da directora do centro.

Así mesmo, o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 3.3, establece que o nomeamento da dirección dos centros integrados de formación profesional se axustará ao establecido no artigo 11.5º da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

A disposición adicional segunda da Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece a delegación, na persoa responsable da dirección xeral competente en materia de formación profesional, do nomeamento das persoas responsables da dirección dos centros integrados de formación profesional.

Existindo centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en que a dirección remata o mandato o 30 de xuño de 2016, e de acordo co que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

Anunciar a convocatoria para nomear, polo sistema de libre designación, a dirección dos centros públicos integrados de formación profesional pertencentes á Rede de centros integrados de formación profesional que se relacionan no anexo I.

Artigo 2. *Requisitos dos candidatos*

Para participar nesta convocatoria deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter unha antigüidade de polo menos tres anos como funcionaria ou funcionario de carreira na función pública docente.

Artigo 3. *Solicitudes*

A solicitude de participación nesta convocatoria dirixirase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e presentarse no Rexistro Único da Xunta de Galicia, nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

No caso de que se opte por presentar a solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.

Artigo 4. *Documentación*

Os aspirantes deberán xuntar á petición o *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos de méritos alegados e xa achegados polos concursantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo www.edu.xunta.es/datospersoais

Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente non serán tidos en conta.

Artigo 5. *Nomeamento*

1. A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertas as direccións, de considerarse oportuno.

2. O Consello Social dos centros integrados de formación profesional de Galicia e o claustro de profesorado emitirá informe sobre as candidaturas que se presenten, no prazo de 10 días hábiles, seguintes ao remate do prazo de solicitudes establecido na epígrafe terceira desta orde.

3. A non emisión do informe referido no punto anterior non impedirá a resolución do procedemento.



4. O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nomeará directores ou directoras aqueles candidatos seleccionados na resolución desta convocatoria.

Artigo 6. *Recursos*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única

Resulta de aplicación ás persoas directoras dos centros integrados de formación profesional o Decreto 120/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a consolidación parcial do complemento específico de dirección de centros escolares públicos.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Relación de centros integrados de formación profesional

Provincia	Concello	Código de centro	Centros integrados de formación profesional
A Coruña	A Coruña	15022607	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
A Coruña	Ribeira	15014556	CIFP Coroso
Lugo	Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo
Ourense	Ourense	32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
Ourense	Ourense	32016765	CIFP Portovello
Pontevedra	Pontevedra	36020064	CIFP Carlos Oroza
Pontevedra	Ponteareas	36007552	CIFP A Granxa



ANEXO II

Solicitude de participación na convocatoria de libre designación para a selección e nomeamento da dirección de centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

1. Datos persoais.

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome
DNI		Enderezo (rúa, número, piso,...)		
Localidade	Código postal	Concello	Provincia	
Teléfono	Teléfono móbil	Correo electrónico		

2. Datos do destino.

Destino definitivo:

Centro de destino definitivo	Corpo/escala a que pertence	Especialidade

Destino provisional:

Centro de destino provisional	Corpo/escala a que pertence	Especialidade

3. Centros integrados de formación profesional que solicita por orde de preferencia.

Orde	Código	Centro	Concello	Provincia

Quen asina abaixo solicita ser admitido/admitida na convocatoria de libre designación para a selección e nomeamento da dirección dos centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e declara que son certos os datos consignados e que reúne as condición exixidas.

..... de 2016

Sinatura do solicitante

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

